

ENTREVISTAS AOS  
PRESIDENTES E DIRECTIVOS  
GRUPO DE DESENVOLVEMENTO  
RURAL "TERRAS DE  
PONTEVEDRA NORTE"

2008-2021



LUIS LÓPEZ DIEGUEZ (1978)

Foi o terceiro Presidente do GDR Terras do Deza (Hoxe GDR Pontevedra Norte) entre os anos (2014 e 2021).

Alcalde de Rodeiro, foi o primeiro Rexidor que ocupou a presidencia do GDR. Durante o seu mandato, o GDR aumentou o seu territorio ao incorporarse os Concellos de A Estrada e Forcarei trala nova definición do mapa ao abeiro do período Leader 2014-2020.

Durante a súa presidencia o GDR entre outras cuestións asumiu a xestión do Xeodestino Deza-Tabeirós.

Na actualidade é o Delegado Territorial da Xunta de Galicia en Pontevedra.

**1. Vostede acaba de deixar recentemente a Presidencia do GDR Terras de Pontevedra Norte debido ao seu nomeamento como Delegado Territorial de Pontevedra, ten polo tanto moi recente o seu paso por este organismo, que valoración fai do mesmo?**

Pois a verdade é que fago un balance moi positivo, xa que creo que conseguimos a práctica totalidade dos obxectivos de dinamización rural para os concellos do Deza e da súa contorna e fomos dos Grupos de Desenvolvemento máis activos e dinamizadores de toda Galicia. Foi unha época moi interesante e intensa que ademais puideron desenvolver durante seis anos e medio, o que permitiunos actuar con perspectiva e visión de futuro.



En todo caso, e máis aló do máis importante, que era o desenvolvemento e progreso do noso territorio, tamén quero destacar a importancia, calidade e eficiencia do equipo de traballo que conforma o GDR, sen o cal non poderíamos ter acadado, nin de lonxe, todos os fitos destes anos.

**2. Durante a súa presidencia practicamente desenvolveuse todo o período de programación do Leader 2014-2020, que proxectos cree vostede que marcarán este período? Que tipoloxía de proxectos considera máis necesarios para desenvolvemento do territorio?**

A verdade é que non podería centrarme só nun porque sería inxusto e porque ademais non daría fe da transversalidade e visión global coa que actuamos dende o GDR. O máis positivo foi que tocamos todos os paus, todas as necesidades da xente do norte da provincia, axudando a implantar dende proxectos empresariais, como o centro de negocios de Lalín, por citar un exemplo, ata importantes iniciativas rurais, pequenos proxectos empresariais, accións socioculturais... en definitiva, diversas medidas que permiten que aumente a calidade de vida e o nivel de servizos do noso territorio e que se vaian corrixindo as diferenzas propias que padecemos nas zonas rurais e de interior.

E en canto aos proxectos máis necesarios, pois non teño dúbida que aqueles que xeneren riqueza e postos de traballo, xa que iso fixa poboación e, a partir de aí, dispónse dun territorio vivo e dinámico que xa se move só.



**3. ¿Como poden contribuír as políticas rurais e, en concreto, os GDR en frear a despoboación?**

Dun xeito fundamental. Na nosa terra hai moita xente emprendedora, con inquietudes, con ideas, con amor polo sitio onde naceron, pero ás veces non dispoñen dos apoios suficientes para vencer as dificultades que existen e podelas sacar adiante. E neste punto é onde os GDR emerxen como elementos de dinamización, colaboración e axuda, non só económica e financeira, senón tamén de asesoramento e guía. E por iso fan un labor fundamental para que moita xente poida xenerar aquí, no rural e no interior, o seu proxecto de vida e traballo, así que creo que a conformación dos GDR é imprescindible, aínda que só é unha ferramenta máis, para asentar poboación en zonas como a nosa.

**4. ¿Como valoras o traballo dos GDR en canto a aplicación de políticas de desenvolvemento do rural máis aló da xestión do programa LEADER?**

Positivamente, sen dúbida. Moita xente cre que os GDR só xestionan os fondos europeos, pero hai moito máis traballo e posibilidades a través destes grupos, que marcan estratexias e plans longopracistas, repensan o territorio e as súas posibilidades, adiántanse aos acontecementos e marcan unhas liñas a seguir en consonancia con modelos de éxito e coas peculiaridades propias de Galicia. Creo, iso si, que debería reforzarse a labor de comunicación e difusión dos mesmos para que toda a cidadanía saiba que están aí, que fan un labor importante e que se pode recorrer a eles en moitos casos.

**5. ¿Que consellos lle transmitirías aos xestores dos GDR e o actual Presidente do GDR Xosé Crespo de cara ao futuro?**

Absolutamente ningún. O equipo xestor do GDR está formado por xente moi preparada e traballadora que sabe perfectamente o que ten que facer para dinamizar a nosa terra e Pepe ten un liderado, unha capacidade, uns coñecementos e unha experiencia que xa me gustaría alcanzar, se quera a metade, ao longo da miña vida. Só dicirlles que fagan o que saben e todo irá ben. Creo que o GDR queda nas mellores mans.

**6. Dende o teu cargo como delegado territorial, ¿consideras que os GDR poden aportar algo ou contribuír nalgún ámbito das súas competencias?**

Por suposto, porque son grupos moi apegados e especializados no seu territorio e, precisamente, dende a delegación territorial o que pretendemos é achegar a acción de goberno, as solucións e os proxectos da Xunta de Galicia aos cidadáns alá onde vivan, polo que considero que a canle entre a delegación territorial e os GDR debe ser fluída para estar moi preto e de xeito áxil enriba das demandas de cada bisbarra.

**7. Dende a visión que agora ten como Delegado Territorial, como percibe o traballo xeral dos GDR da provincia?**

Detecto un traballo moi intenso e comprometido, moi centrado en cada espazo. Dende longo nótase que os GDR non fan unha tarefa burocrática e administrativa, percíbese que son entidades que forman parte da vida de cada comarca, que están no seu día a día, que coñecen a súa realidade e que ademais desenvolven o seu labor con cariño para o seu territorio. Ademais de Pontevedra Norte, estou coñecendo o traballo doutros grupos, como Condado-Paradanta, Salnés-Ulla-Umia, Terras de Pontevedra... e a verdade é que estou sorprendido do seu nivel, aínda que o meu grao de sorpresa é moderado porque vendo o traballo que se está a facer no Deza imaxinaba que os demais grupos tamén tiñan un moi bo funcionamento.

**8. Cre e en que cre que a experiencia da Presidencia do GDR lle aporta algo para o desenvolvemento do seu actual cargo?**

Por suposto que si. É unha magnífica escola para a xestión, para conseguir unha visión global de desenvolvemento dun territorio máis aló das particularidades e do día a día dun concello -como tamén foi o meu caso en Rodeiro-, para establecer canles de cooperación, para coñecer distintas realidades que se refuxian baixo o paraguas común dunha bisbarra ou zona e para seguir moi apegado á xente. E ademais, tiven a honra e a sorte de estar seis anos e medio na presidencia o que me permitiu afondar bastante en todos estes aspectos.

**9. A nivel persoal fóra do ámbito político, ¿que lle aportou a presidencia do GDR TERRAS DO DEZA?**

Moitas amizades, moitas anécdotas e moi bos momentos. Considero que a xente que forma o GDR de Pontevedra Norte son amigos e estarán sempre presentes na miña vida e iso, cando estás nestes ámbitos, é o máis importante de todo, porque os postos pasan, e así debe ser, pero o cariño sincero dos amigos é eterno.

